REGULAMENTO III TRAVESÍA A NADO CONCELLO DE NIGRÁN

Proba puntuable para o IV Circuíto Galego de Augas Abertas da Federación Galega de Natación

----

DATA: 4 de agosto

LUGAR : PRAIA AMÉRICA

HORA: 11,00 H.

ORGANIZACIÓN:

A III edición da travesía a nado CONCELLO DE NIGRÁN, rexerase polo Código Deportivo e a Normativa de Competición de Augas Abertas da Federación Española de Natación e polo presente regulamento particular.

CATEGORÍAS:	*ANO NACEMENTO:*	*PERCORRIDO*
1 Masculina e feminina	*1.997 a 1.993*	*500 m.*
2 Masculina e feminina	*1.992 a 1.989*	*1.500 m.*
3 Masculina e feminina	*1.988 a 1.972*	*1.500 m.*
4 Masculina e feminina	*1.971 e anteriores*	*1.500 m.*

Nota: ***Non haberá diferenciación entre nadadores federados e non federados***

PERCORRIDO

- ***Farase en dúas quendas unha para a categoría 1 e outra para as restantes.***
- ***A saída e chegada levarase a cabo nas inmediacións do Punto Pasión Praia en Praia América.***
- ***Consistira nun "triángulo olímpico" con dúas boias de obrigado paso.***
- ***Os nadadores participantes concentraranse ás 10,00 da mañá na zona de saída para confirma-la súa participación. Este proceso rematará 15 minutos antes do comezo da proba.***

INSCRICIÓNS

- ***Poderán efectuarse na oficina de Turismo de Praia América e no correo deportes@nigran.org. O prazo remata o xoves día 2 de agosto ás 14,00 h.***
- ***Na mesma figurarán nome e apelidos, data de nacemento, nº do D.N.I. e teléfono de contacto.***
- ***Os dereitos de inscrición son de balde.***
- ***A inscrición na travesía supón a aceptación do presente Regulamento.***

DESENVOLVEMENTO DA PROBA e XURADO

- ***A proba estará controlada polo Comité Galego de Árbitros da Federación Galega de Natación, sendo da súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso que apareza no desenvolvemento da competición.***
- ***A efectos de identificación, cada participante recibirá da organización un gorro numerado, polo que será necesario acredita-la personalidade con algún documento oficial. Este gorro deberá colocarse antes de comeza-la travesía e non retiralo ata finaliza-la mesma. A organización obsequiará a cada participante cunha camiseta conmemorativa.***
- ***Queda prohibida a utilización de axudas externas como aletas, frotadores, neoprenos e similares.***
- ***Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados en cada categoría. A entrega realizarase unha vez rematada a travesía na zona de control.***